



CONCELLO DE REDONDELA

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: NON APLICACIÓN DAS FRANXAS HORARIAS NAS PARROQUIAS DE MENOS DE 5.000 HABITANTES PARA AS ACTIVIDADES DO PASEO E DEPORTE

A situación de emerxencia xerada pola evolución do COVID-19 (SARS- CoV-2), declarada o 11 de marzo pola Organización Mundial da Saúde como pandemia, levou ao Goberno a decretar o estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, do 17 de marzo. O estado de alarma foi ampliado por sucesivos reais decretos ata o 24 de maio, neste momento.

Dende o primeiro momento, as Administracións central, autonómica e local ditaron diferentes normas para tratar de reducir el avance dos contaxios desta enfermidade.

Pola súa parte, o Concello de Redondela, en aplicación das citadas normativas e demais ordes e instrucións que se foron adoptando, no seu ámbito territorial artigo e de competencias, ditou resolucións por medio da Alcaldía e en función do 21.1.m) da Lei reguladora das bases do réxime local, que outorga á Alcaldía competencia para *“m) Adoptar personalmente, y bajo su responsabilidad, en caso de catástrofe o de infortunios públicos o grave riesgo de los mismos, las medidas necesarias y*

adecuadas dando cuenta inmediata al Pleno”, ao fin de solucionar as distintas incidencias que foran xurdindo derivadas da crise sanitaria e que afectaban aos distintos ámbitos de organización do Concello e do municipio.

En data 1 de maio de 2020 publicouse a Orde do Ministerio de Sanidade SND/380/2020, do 30 de abril, sobre as condicións nas que se pode realizar actividade física non profesional ao aire libre durante la situación de crise sanitaria ocasionada por el COVID-19.

No seu artigo 5.2 establece a non aplicación das franxas horarias para a realización da actividade física regulada na orde, nos municipios e entidades de ámbito territorial inferior ao municipio que administren núcleos de poboación separados cunha poboación igual ou inferior a 5.000 habitantes:

Digna Rosa Rivas Gómez (1 para 2)
alcaldesa
Data de Sinatura: 13/05/2020
HASH: 779ff037427597e54eb7008907042



Maria Angeles Garcia Villaverde (2 para 2)
secretaria Xeral
Data de Sinatura: 13/05/2020
HASH: e4c96ea343468764f554de9201ba64d2



Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C

RESOLUCIONS DE ALCALDIA

Número: 2020-1048 Data: 13/05/2020



Cod. Validación: 49TMCZCYELTKJWFF6JNSKC3 | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 de 4



“Las franjas horarias previstas en este artículo no serán de aplicación a aquellos municipios y entes de ámbito territorial inferior al municipio que administren núcleos de población separados con una población igual o inferior a 5.000 habitantes, en los que la práctica de las actividades permitidas por esta orden se podrá llevar a cabo entre las 6:00 horas y las 23:00 horas.”

A Xunta de Galicia plantexou en días posteriores a posibilidade de que dito artigo puidera ser aplicable, eliminando as franxas horarias para os paseos e o deporte, ás parroquias con poboación igual ou inferior a 5.000 habitantes e non so aos municipios ou entidades de ámbito territorial inferior ao municipio así consideradas na lexislación de réxime local.

Se ben se estendeu dita interpretación non se trasladou na normativa de aplicación, volvendo a reiterar a Orde do Ministerio de Sanidade do 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 1 do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, publicada no BOE do mesmo día, na súa disposición final segunda, a mesma redacción que na anterior Orde.

Celebrado o Comité de Seguimento para a evolución da propagación do COVID-19 do Concello de Redondela o 9 de maio, se determinou, tras a análise da situación coa Xefatura da Policía Local cos datos de que dispoñen.

Tendo en conta que o Concello de Redondela solicitou á Xerencia do Sergas contar cos datos e número de persoas infectadas por COVID-19 confirmados nos Centros de Atención Primaria de Redondela e Chapela, sendo negativa a resposta á entregar eses datos ao Concello.

Mantendo una actitude de prevención e cautela por parte do Concello de Redondela en canto as decisións que se adoiten e que podan repercutir na saúde da veciñanza.

Considerando ademais que as interpretacións dadas da normativa vixente para a súa aplicación nas parroquias da non aplicación das franxas horarias para os paseos e o deporte individual, non se estableceran con carácter oficial.

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C

RESOLUCIONS DE ALCALDIA

Número: 2020-1048 Data: 13/05/2020



Cod. Validación: 49TMCCZCYELTKJWFF6TJNSKC3 | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4



O Comité de seguimento do Concello de Redondela determinou reiterar a solicitude dos datos sanitarios de Redondela previamente e ao fin de poder tomar a decisión máis acertada dende o punto de vista da seguridade sanitaria.

Celebrada nova reunión do Comité de seguimento no día 13.05.2020, na que se pon de manifesto a negativa a entregar os datos referidos ao número de infectados por COVID-19 no Concello de Redondela, segundo comunicacións recibidas da Xerencia do Sergas e tendo en conta a normativa vixente e de aplicación ao respecto da non aplicación das franxas horarias para os paseos e o deporte establecida polas mencionadas Ordes do Ministerio de Sanidade, se acorda reiterar á veciñanza de Redondela o cumprimento estrito das medidas de distanciamento e hixiene como a mellor ferramenta para a loita contra o virus e a realización polo Concello de Redondela dunha intensa campaña de divulgación e concienciación da cidadanía no cumprimento de ditas medidas.

Tendo que, determinar en aplicación da normativa vixente (disposición final segunda da Orde do Ministerio de Sanidade para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 1 do Plan para a transición cara a unha nova normalidade) a non aplicación das franxas horarias nos núcleos de poboación separados con poboación igual ou inferior a 5.000 habitantes.

Tendo en conta o exposto e en virtude da competencia que outorga a esta Alcaldía o artigo 21.1.m) da Lei reguladora das bases do réxime local, se procede a adopción da seguinte RESOLUCIÓN,

PRIMEIRO. Comunicar á veciñanza os núcleos de poboación separados con poboación igual ou inferior a 5.000 habitantes, onde non serán de aplicación as franxas horarias para as actividades autorizadas (PASEO E DEPORTES INDIVIDUAIS) que son as seguintes:

CABEIRO (SAN XOÁN)

CEDEIRA (SANTO ANDRÉ)

CESANTES (SAN PEDRO)

NEGROS (SANTO ESTEVO)

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C

RESOLUCIONS DE ALCALDIA

Número: 2020-1048 Data: 13/05/2020



Cod. Validación: 49TMCZCZYELTKJWFF6TJNSKC3 | Corrección: https://redondela.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4



CONCELLO DE REDONDELA

O VISO (SANTA MARÍA)
QUINTELA (SAN MAMEDE)
REBOREDA (SANTA MARÍA)
SAXAMONDE (SAN ROMÁN)
TRASMAÑÓ (SAN VICENTE)
VENTOSELA (SAN MARTIÑO)
VILAR DE INFESTA (SAN MARTIÑO)

As actividades de paseo e deporte individual se poderán levar a cabo entre as 6:00 horas e as 23:00 horas.

A non aplicación das franxas horarias queda limitada ao ámbito territorial da parroquia, de forma que os paseos e a actividade física individual fora das franxas horarias soamente se poderán realizar dentro da parroquia.

Seguen vixentes os demais requisitos xa aprobados para a realización destas actividades.

SEGUNDO.- Acordar o inicio dunha campaña informativa de divulgación e concienciación para a veciñanza de Redondela respecto as medidas de hixiene e distanciamento interpersoal xunto coa adopción de medidas nos distintos ámbitos de actuación co fin de evitar á propagación do COVID-19, e que acompañará ás distintas fases do Plan de Transición hacia unha nova normalidade aprobado polo goberno do Estado.

TERCEIRO.- Dar publicidade á presente resolución para o coñecemento da veciñanza.

A ALCALDESA

Digna Rosa Rivas Gómez

A SECRETARIA

M.^a Ángeles García Villaverde

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tlf. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C

RESOLUCIONS DE ALCALDIA

Número: 2020-1048 Data: 13/05/2020



Cod. Validación: 49TMCCZCYELTKJWFF6TJNSKCC3 | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4